



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais

2



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Conferencia Sectorial Extraordinaria de Emprego e Asuntos Laborais

9

A Xunta financiará o mantemento de ao redor de medio centenar de escolas infantís de iniciativa social

- A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 3,3 millóns de euros a estas subvencións.

3

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou en xaneiro un total de 245.381 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 8.518 parados

- A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa os datos do paro correspondentes ao mes pasado e salientou que o principal aumento se rexistrou no sector dos servizos, cun aumento de 6.661 parados.

8

A Xunta reorienta a formación para desempregados co obxectivo de axustala á demanda real e vinculándoa aos certificados de profesionalidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta reformulación, a primeira que realiza un Goberno da Xunta na formación inscrita nas políticas activas de emprego.
- Un total de 23.000 persoas poderán beneficiarse destas actividades desde finais de febreiro, que contan cun investimento de máis de 53 millóns de euros, un cinco por cento máis que o ano anterior.

10

Cadro revalorización

PENSIDNS 2011

6

Salario Mínimo

Interprofesional (SMI)

para o 2011 é de

641,40 €/mes



Año Europeo del Voluntariado 2011

Sumario

Familia e benestar	2-3	Informe do paro rexistrado	8
Xuventude e voluntariado	4-5	Formación-Emprego	8-11
Cooperativas	7	Publicacións	12
Breves	7	Normativa	12-20

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Mato critica o recorte do estado no financiamento dos programas sociais



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais, onde se abordaron os fondos para programas desenvolvidos entre o Estado e a Xunta.
- ▶ A titular do departamento autonómico lamentou os recortes do Goberno central no "Plan Concertado" de financiamento aos programas sociais dos concellos, no Plan Nacional de Discapacidade, no Plan de Desenvolvemento Xitano e nos programas de apoio á infancia.
- ▶ Lembrou que desde a entrada en vigor da Lei de dependencia o Goberno central vén reducindo paulatinamente as súas achegas aos programas sociais, unha situación que están compensando as propias comunidades autónomas.
- ▶ Mato subliñou que os recortes, que van desde un 10 ata un 40 por cento, "están asfixiando" aos gobernos autonómicos.

Madrid, 27 de xaneiro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, lamentou que o Goberno central vaia acometer novos recortes no financiamento dos programas sociais. A titular do departamento autonómico criticou que estes descensos nas achegas do Estado "están asfixiando" ás comunidades autónomas, xa que, dependendo dos programas, os recortes van desde un 10 ata un 40 por cento.

Así o explicou a titular do departamento autonómico tras participar na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais, que tivo lugar en Madrid, e que estivo presidida pola ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, Leire Pajín.

Mato sinalou que un dos puntos que se abordou nesta xuntanza foi o financiamento dos servizos sociais que prestan os concellos, a través do coñecido como "Plan Concertado". Fronte a isto, lembrou que a Xunta de Galicia está a manter o seu orzamento neste eido, ata o punto de que este ano o Goberno autonómico financiará preto do 80 por cento deste concepto.

Ademais do referido ao financiamento dos

concellos, Mato criticou que o Estado recortará tamén a súa achega de cara ao financiamento da discapacidade, dos plans de desenvolvemento xitano, e dos programas de apoio á infancia.

Neste sentido, concretou que estes recortes por parte da Administración estatal súmanse aos que xa se veñen rexistrando nos últimos anos, en concreto, desde a entrada en vigor da Lei de dependencia. Así, o Goberno central leva tempo reducindo as súas partidas para o resto de programas sociais, unha situación que as comunidades autónomas están a compensar con financiamento propio.

Como exemplo, cabe destacar o "Plan Concertado". A redución do 10 por cento do seu orzamento anunciada polo ministerio, súmase á xa acometida nos últimos anos. Deste xeito, de cara a 2011, dos 49 millóns totais de orzamento inicial deste plan en Galicia, o Goberno galego achegará ao redor do 80 por cento.

"A Xunta mantén os seus orzamentos para atender os compromisos que temos en materia social e para darlle resposta aos concellos, que son a primeira porta ás que se achegan

os cidadáns cando teñen problemas", precisou Mato.

Por outra banda, polo que se refire ao resto de recortes, a conselleira explicou que "non valen as declaracións positivas se logo non se acompañan con financiamento". Citou, por exemplo, o Plan de Nacional de Discapacidade, que ten como fin "conseguir unha sociedade máis inclusiva", pero no que o Estado recorta o seu orzamento nun 40 por cento.

A situación repítese, segundo proseguíu Mato, nos programas de apoio e protección aos menores, que o Goberno central recorta nun 12 por cento, ou no Plan de Desenvolvemento Xitano, que sofre de novo unha minoración. Neste último punto, destacou que xa en 2010 as contías que achegaba a Xunta e o Estado para este plan "estaban moi afastadas". De feito, o Goberno autonómico achegou o ano pasado uns 700.000 euros, fronte aos 70.000 do Goberno central.

Polo tanto, a postura de Galicia na xuntanza foi "de protesta e de queixa", resumiu a conselleira, porque as comunidades autónomas "non poden seguir soportando os recortes de financiamento do Estado".

Máis de 3,3 millóns de euros a axudas para o mantemento de escolas infantís de cero a tres anos vinculadas a centros de iniciativa social

- A orde saíu publicada no DOG (DOG nº15, do 24.01.2010) polo que as entidades interesadas terán de prazo ata o 24 de febreiro para presentar as súas solicitudes
- A Xunta anticipará ata o 50% do capital concedido aos beneficiarios destas axudas
- A Consellería ten previsto poñer en funcionamento preto de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas infantís durante 2011.

Santiago, 29 de xaneiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar acaba de abrir o prazo de solicitude de axudas para o mantemento de escolas infantís de cero a tres anos vinculadas a centros de iniciativa social. Nesta convocatoria de 2011 o Goberno galego destinará 3.342.024 euros. As entidades interesadas terán de prazo ata o 24 de febreiro para tramitar a súa petición, logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A Xunta anticipará ata o 50 por cento do capital asignado aos beneficiarios destas subvencións, que están destinadas a financiar os gastos de persoal, alimentación e outros de carácter xeral derivados do mantemento dos centros.

Un total de 54 escolas infantís, que superaban as 3.000 prazas para nenos e nenas de cero a tres anos, beneficiáronse en 2010 das axudas concedidas pola Administración galega a fin de contribuír ao seu mantemento e a previsión é que este ano o número de beneficiarios sexa similar.

A axuda ao mantemento dos centros dependentes de entidades de iniciativa social ten unha importante relevancia porque fomenta a oferta de prazas nas mesmas condicións que as escolas públicas.

Estas subvencións poderán pedilas todas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais e teñan en funcionamento unha escola infantil de cero a

tres anos que desenvolva a súa actividade na comunidade galega.

Mil novas prazas nunhas 25 escolas infantís en 2011

O Executivo autonómico ten entre os seus principais obxectivos a ampliación da oferta das escolas infantís de cero a tres anos dado que constitúen unha ferramenta básica para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Por iso, a Xunta ten apostado pola mellora cuantitativa e cualitativa da rede galega de escolas infantís. Precisamente, a Consellería de Traballo e Benestar prevé poñer en funcionamento ao longo do presente ano 2011 preto de 1.000 novas prazas en arredor de 25 escolas infantís.

Galicia rexistrou un total de 338 adopcións nacionais e internacionais ao longo de 2010

Santiago, 9 de xaneiro de 2010.- Galicia pechou o ano 2010 cun total de 338 adopcións realizadas, se temos en conta as 279 preasignacións internacionais e 59 autos de adopción nacional desenvolvidos. Ao longo do exercicio, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, recibiu un total de 587 solicitudes tanto para desenvolver adopcións nacionais como internacionais.

Por países, a maior parte das preasignacións internacionais corresponden a adopcións de nenos e nenas de Etiopía (92); Vietnam (79); China (28); e de Colombia (24). O resto corresponden a países como Filipinas, Hungría, Rusia, Ucraína, Kazaxstán, Polonia, Brasil, Bulgaria, Costa de Marfil, Nepal e Perú.

É preciso lembrar que a preasignación de menores no ámbito internacional supón un dos últimos trámites para que a adopción sexa efectiva, xa que se produce cando o país de orixe asigna a un menor susceptible de ser adoptado e facilita toda a documentación coa información relativa ao neno ou nena á Secretaría Xeral de Familia e Benestar ou á ECAI.

Estas últimas son as entidades colaboradoras de adopción internacional que sen ánimo de lucro e

legalmente constituídas teñen nos seus estatutos como fin a protección de menores, así como a intermediación na adopción internacional: é dicir, as ECAI poñen en contacto os solicitantes cos organismos ou institucións competentes para a adopción no país do que se trate.

Requisitos

Ademais das ECAI, os expedientes de adopción internacional tamén poden ser tramitados pola Secretaría Xeral a través do ministerio. Non obstante, a maioría dos países de orixe dos menores esixen que a tramitación se realice a través de ECAI.

Unha vez que chega a preasignación, tanto a familia como a Secretaría Xeral, logo do informe do equipo de adopción, teñen que estar conformes coa preasignación para que se prosiga co expediente.

Con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción. Para iso é necesario cumprir cos seguintes requisitos: ter como mínimo 25 anos (no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas abondará con que un deles teña a devandita idade e, en todo caso, o que adopta deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado); residir en Galicia e ter plena capacidade xurídica e de

obrar.

Con carácter xeral só poden ser adoptados os menores non emancipados cando os seus pais foran privados da patria potestade; cando os seus pais deran a súa conformidade para a adopción (no caso de recen nados o consentimento da nai poderá prestarse ata que teñan transcorridos 30 días desde o parto); e cando foran abandonados.

Estes requisitos son esixidos tanto para adopcións internacionais como nacionais. No caso de nenos estranxeiros poderán ser adoptados cando exista consentimento por parte dos pais para a adopción e o xuíz ou autoridade administrativa competente declare que pode levarse a cabo a actuación.

Os interesados en adoptar un menor estranxeiro pódense dirixir aos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou ás ECAI, onde serán informados e asesorados sobre requisitos, documentos e os trámites que



<http://adopcions.xunta.es>

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa as principais actuacións a desenvolver con motivo do Ano europeo do voluntariado

- ▶ Galicia organizará o 29 e 30 de novembro, e o 1 decembro, un congreso estatal neste eido, que terá lugar en Santiago de Compostela
- ▶ Este ano presentarase tamén o “Programa de Voluntariado Xuvenil”, unha iniciativa innovadora en todo o Estado que ten como obxectivo formalizar a acción voluntaria a través de certificados de educación non formal
- ▶ En 2011, aprobarase tamén a Lei galega de acción voluntaria e o Plan Galego de Voluntariado 2011-2014.




Santiago, 31 de xaneiro de 2011.- O Goberno galego realizará, ao longo de 2011, unha programación específica con motivo do “Año Europeo do Voluntariado” que terá como obxectivo principal avanzar na mellora cualitativa e cuantitativa das accións voluntarias. Trátase, fundamentalmente, de “poñer en valor” a importancia do labor que desenvolve este colectivo.

Así o destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no transcurso da rolda de prensa na que presentou as principais actuacións que se desenvolverán este ano. Esta programación abrangue desde programas de formación, a proxectos de difusión do voluntariado entre a poboación, ou a organización do Congreso Estatal de Voluntariado.

A titular do departamento autonómico fixo especial fincapé neste último punto pola súa relevancia, en tanto este evento conta co “apoio explícito dos Príncipes de Asturias”. O evento terá lugar os días 29 e 30 de novembro, e 1 de decembro, en Santiago de Compostela, baixo o lema “Camiños de Solidariedade”.

A este décimo cuarto Congreso estatal de Voluntariado asistirán entidades de acción voluntaria e administracións de toda España. Mato destacou que “desde o ano 2000 non se fai en Galicia un congreso destas características”.

Ademais, cabe destacar que durante este ano se levarán a cabo avances importantes no eido normativo en Galicia en relación ao



voluntariado. Así, a conselleira adiantou que este ano se aprobará a Lei galega de acción voluntaria, que inclúe “importantes novidades” e recollerá as demandas das entidades de acción voluntaria.

Esta nova normativa, “con vocación global e europeísta”, ten como un dos seus principais avances que os voluntarios poidan obter certificacións oficiais da súa participación nas actividades que desenvolvan, co fin de que poidan acreditar un “historial curricular” da súa experiencia.

Tamén no primeiro semestre deste ano presentarase o Plan Galego de Voluntariado, un documento que servirá de “guía e planificación” da acción da Xunta durante os próximos catros anos. Estará consensuado coas entidades e as administracións implicadas.

De feito, tanto a nova lei como este plan serán analizados polo Consello Galego de Voluntariado, que será convocado este ano en tanto é o “máximo órgano consultivo e asesor” nesta materia.

Programa de voluntariado

Ademais destas actuacións, Mato destacou que a Xunta presentará en 2011 o “Programa de Voluntariado Xuvenil”, unha “iniciativa novidosa, pioneira e experimental a nivel de todo o Estado”. O seu obxectivo principal é formalizar a acción voluntaria. Deste xeito, as persoas –de entre 18 e 30 anos de idade– que participen neste servizo, recibirán un certificado de educación non formal ao finalizar o proxecto. Máis adiante, este Servizo levará aparelada unha bolsa de voluntarios, das que saíran os participantes para proxectos de concellos ou entidades.

Esta iniciativa servirá tamén para apoiar economicamente o custo diario dos voluntarios que participen en proxectos presentados ben por concellos, ou por asociacións. “Non é unha remuneración nin un salario”, aclarou Mato, xa que a acción voluntaria “defínese por non recibir retribución económica ningunha”. Este apoio servirá exclusivamente para cubrir custos de desprazamento e manutención.

Dentro do programa de actuacións para este Ano Europeo do Voluntariado, iniciárase en marzo un plan de .../...

.../...

formación no que participarán unhas 6.000 persoas. Ademais, esta mesma semana celebrarase o primeiro dos catro encontros provinciais de voluntariado para dar conta desta programación, así como para fomentar a implicación noutras novidades como a nova Lei de voluntariado ou o Plan Galego de Voluntariado. O día 3 o encontro será en Lugo; o 4 en Ourense; o 10 na Coruña; e, finalmente, o 11 en Vigo.

No eido do voluntariado ambiental, tamén haberá novidades. Por primeira vez este ano, terá lugar un "programa de voluntariado ambiental en parques naturais", que se celebrará todas as fins de semana entre abril e xuño no Parque natural do Xurés. Esta iniciativa desenvólvese en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Este ano repetirase tamén o "Programa de voluntariado ambiental para a prevención de incendios".

Durante este Ano Europeo do Voluntariado, impulsaranse tres campos de traballo: un en Ourense e dous en Palas de Reis. Neles poderán participar 60 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, procedentes de Galicia, da emigración galega, doutras comunidades autónomas e doutros países.

As actuacións desta programación non chegarán só aos máis mozos, senón que tamén contarán cos maiores galegos. Actualmente, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Dirección Xeral de Dependencia están a traballar conxuntamente no Programa de voluntariado de maiores, que creará unha bolsa de voluntarios de maiores de 65 anos.

Convocaranse tamén este ano os "Premios solidarios", que segundo explicou Mato "distinguirán os colectivos e persoas que destacasen neste ámbito durante 2011".

Pero ademais de todas estas actuacións concretas, o Goberno galego fará un especial esforzo en informar e promover a acción voluntaria. Entre outras actividades, un "Bus solidario" percorrerá as vilas e cidades galegas nos meses do verán para difundir as actuacións que se levan a cabo nesta materia.

Desde a primavera, tamén se desenvolverá un programa específico de difusión da acción voluntaria nos centros de educación secundaria, e en outubro o "Bus solidario" tamén chegará a estes centros. Pola súa banda, en primaria, presentarase e distribuirase entre os centros un conto solidario. Tamén se publicará en 2011 a "Sinfonía de voces solidarias", que será unha homenaxe ao voluntariado galego na que se recollerán as experiencias e testemuñas das entidades e voluntarios.

Finalmente, Mato destacou que este Ano Europeo do Voluntariado "será só un punto de partida para revitalizar e impulsar a acción voluntaria en Galicia".

Xuventude incrementa os fondos para promover as iniciativas xuvenís de asociacións e grupos informais de mozos

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 20, do 31.01.2011) publica a orde "Iniciativa xove", que contará cun financiamento total de 695.000 euros
- ▶ A convocatoria mantén as novidades introducidas o pasado ano, isto é, permite a participación de grupos informais de mozos e mozas e habilita adiantos dun 80 por cento do total da axuda
- ▶ Grazas a este cambios, en 2010 os proxectos de carácter autonómico subvencionados incrementáronse nun 160 por cento, ao pasar de 39 en 2009 a 102 o ano pasado.

Santiago, 30 de xaneiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, incrementa en 2011 o seu orzamento destinado a apoiar iniciativas xuvenís cun total de 20.000 euros, ata chegar a un financiamento global de 695.000 euros. Este incremento inscribese no compromiso firme co fomento da participación social da mocidade galega.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 20, do 31.01.2011) publica a orde de axuda de "Iniciativa xove". A convocatoria deste ano mantén as novidades que se introduciron no pasado exercicio co fin de favorecer a implicación plena da xuventude na sociedade.

Así, de novo este ano, poderán optar a estas axudas grupos informais de mozos e mozas, que deberán contar como mínimo con cinco persoas de entre 18 e 29 anos. Ademais, a orde segue aberta, por suposto, ás asociacións xuvenís e ás entidades prestadoras de servizos á xuventude que carezan de interese de lucro.

Outra das novidades que se mantén do modelo posto en marcha en 2010 é que os responsables dos proxectos subvencionados poderán solicitar á Xunta un adianto económico do 80 por cento sobre a cantidade total da axuda concedida.

O obxectivo fundamental destas dúas medidas é que a falta de liquidez non sexa un impedimento, e que tampouco sexa un obstáculo para unha boa idea; que os seus impulsores non estean constituídos de xeito formal como unha asociación xuvenil.

O importe máximo subvencionable é de 7.000 euros, unha cantidade que non poderá superar o 80 por cento do custo total do proxecto. Ademais, consideraranse áreas de atención prioritarias as seguintes: proxectos de ocio e lecer educativo; iniciativas relacionadas coa creación de espazos para a comunicación e coas novas tecnoloxías; e actuacións de fomento de actitudes creativas, emprendedoras, innovadoras e participativas dos mozos na súa comunidade.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Por outra banda, cabe destacar que o novo modelo de participación xuvenil, que se convocou por primeira vez no ano 2010 coas novidades anteriormente descritas, posibilitou un aumento do 160 por cento nos proxectos autonómicos subvencionados pola Xunta. En concreto, estes pasaron de ser 39 en 2009, a ser un total de 102 en 2010.

Se se teñen en conta tamén os proxectos de nivel provincial, Xuventude apoiou o ano pasado un total de 268 iniciativas xuvenís. Segundo as previsións para este ano, o número de iniciativas subvencionadas ao abeiro desta orde será igual ou maior.



www.xuventude.net

CONTÍAS DE PENSIÓNS MÍNIMAS 2011

	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: Unidade ec.unipersoal	Con cónxuxe non a cargo
XUBILACIÓN			
Titular con 65 ou máis anos	742,00	601,40	570,40
Titular menor de 65	695,40	562,50	531,50
INCAPACIDADE PERMANENTE			
Gran invalidez	1.113,00	902,10	855,60
Absoluta	742,00	601,40	570,40
Total: Titular con 65 anos	742,00	601,40	570,40
Total: Con idade entre 60 e 64 anos	695,40	562,50	531,50
Total: Derivada de enfermidade común menor de 60 anos	374,00	374,00	(*)
Parcial do réxime de accidente de traballo: Titular con 65 anos	742,00	601,40	570,40
(*) 55% da base mínima de cotización do réxime xeral			
VIUVEZ			
Titular con cargas familiares		695,40	
Titular con 65 ou máis anos ou discapacidade >65%		601,40	
Titular entre 60 e 64 anos		562,50	
Titular menor de 60 anos		455,30	
ORFANDADE			
Por beneficiario		183,70	
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%		361,40	
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.374,20 euros/ano distribuídos, no seu caso, entre os beneficiarios			
FAVOR FAMILIAR			
Por beneficiario		183,70	
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:			
Un só beneficiario con 65 anos		443,90	
Un só beneficiario menor 65 anos		418,10	
importe que resulte de ratear 3.802,40 euros/ano entre o número de beneficiarios			
PENSIÓN MÁXIMA			
		2,497,91	

O Goberno fixa o Salario Mínimo Interprofesional en 641,40 euros mensuais

Madrid, 30 decembro 10. - O Consello de Ministros aprobou, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez, a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2011 que se fixou en 641,40 euros mensuais, o que supón un incremento

do 1,3% respecto á establecida en 2010.

Con carácter xeral o SMI queda fixado en 21,38 euros ao día, ou 641,40 euros ao mes e en cómputo anual en ningún caso inferior a 8.979,60 euros. Para os traballadores eventuais e temporais cuxos servizos a unha mes-

ma empresa non excedan de cento vinte días, o salario non poderá ser inferior a 30,39 euros por xornada. Por último, para os empregados de fogar a contía establecida é de 5,02 euros por hora traballada.

Ábrese o prazo para solicitar as axudas da Xunta ao fomento do cooperativismo das que se poderán beneficiar 250 cooperativas e 60 concellos

Santiago, 28 de xaneiro de 2010.- Os concellos, entidades locais e empresas de economía social de Galicia xa poden solicitar as axudas da Xunta para o fomento do cooperativismo. O prazo abriuse coa publicación no Diario Oficial de Galicia das dúas ordes (DOG nº14, do 21.01.2011).

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, presentou as novidades destes programas nos que a Consellería de Traballo e Benestar investirá entre 2011 e 2012 máis de 3,3 millóns de euros en distintas actuacións de promoción e fomento do cooperativismo, co fin de conseguir un axeitado desenvolvemento de Galicia en materia de economía social, tanto no fomento do emprego como na mellora da competitividade destas empresas.

As previsións do departamento autonómico é que 250 cooperativas e preto de 60 concellos poidan beneficiarse destas axudas.

Por unha banda, Martiñá explicou as características da orde para fomentar o emprego en empresas de economía social e para fomentar o cooperativismo. Para este fin, a consellería conta cun investimento de máis de 2,9 millóns de euros.

Unha das principais novidades desta convocatoria é a posibilidade de solicitar accións con carácter plurianual permitindo un mellor apoio no impulso das empresas de economía social, dado que acolle a proxectos que precisan maior tempo de execución.

Esta orde recolle, tal e como incidiu Martiñá, distintos programas que inciden en aspectos fundamentais das cooperativas, establecendo axudas para os seguintes conceptos: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais; mellora da competitividade; impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica; fomento do acceso á condición de

socio/a traballador/a; e actividades de promoción do cooperativismo.

De todas estas áreas, cabe destacar que no caso do fomento do emprego ofrécense axudas orientadas a facilitar a incorporación das persoas desempregadas como socios e socias traballadores/as nas cooperativas ou sociedades laborais.

No caso da promoción da economía social, tamén hai que salientar que se regulan axudas para impulsar proxectos empresariais cooperativos, mesmo na fase previa á súa constitución formal. Nesta última área, poténcianse especialmente os procesos de asesoramento e de acompañamento das novas iniciativas.

No ano 2010, beneficiáronse deste tipo de axudas un total de 244 cooperativas, estando previsto que no ano 2011 poida chegar a 250 cooperativas e sociedades anónimas laborais.

Benestar pon en marcha un curso de formación en valoración de dependencia e discapacidade para profesionais sociosanitarios

Santiago, 28 de xaneiro de 2011.- Preto de 200 profesionais das ramas sanitaria e social de Galicia recibiron esta semana formación para optimizar e homoxeneizar a aplicación técnica dos baremos de valoración da discapacidade e os procesos de valoración de dependencia. A directora xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, Coro Piñeiro, clausurou na Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) estas accións formativas que organiza a Consellería de Traballo e Benestar de forma pioneira en Galicia.

O programa Aula Xuventur da Xunta achegará a 1.360 mozos e mozas o medio mariño e natural

Santiago, 28 de xaneiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha entre os meses de febreiro e xuño o programa Aula Xuventur, unha iniciativa novidosa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que acercará a 1.360 mozos e mozas o medio mariño e natural. En concreto, o plan dirixese a alumnos que estean cursando a ESO e Bacharelato.

O prazo de inscrición abrírase o próximo día 7 de febreiro e rematará unha semana antes do inicio de cada quenda. A inscrición, que se terá que facer na web www.xuventude.net, deberá realizala o centro de ensino correspondente. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de chegada das solicitudes e asignaranse ata esgotar todas as dispoñibles por módulo.

A Xunta pon en marcha na Coruña o primeiro Centro de apoio ao empregador de Galicia para mellorar a intermediación laboral

A Coruña, 21 de xaneiro de 2011.- A Coruña xa conta co primeiro centro de apoio ao empregador de Galicia, que abriu as súas portas en Zalaeta. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou as novas instalacións nas que o departamento autonómico investiu un total de 205.000 euros. Ademais, Mato anunciou que Vigo acollerá en xuño a segunda oficina destas características da comunidade autónoma.

Trátase dun centro no que os empregadores recibirán apoio nas diversas etapas do proceso de contratación, como asesoramento e acompañamento para a definición das súas ofertas de emprego e apoio no proceso de selección de candidatos, incluíndo un despacho específico para a realización de entrevistas.

Igualdade publica no DOG a convocatoria do programa Emega cun orzamento de preto de 700 mil euros

Santiago, 18 de Xaneiro de 2011.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº11, do 18.01.2011) publica a convocatoria da Secretaría Xeral da Igualdade para a solicitude de subvencións para o apoio ao emprendemento feminino, o denominado programa Emega, para o ano 2011, que conta cun orzamento de 687.500 euros e esta cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

O programa Emega é un programa de estímulo ás mulleres emprendedoras, apoiándoas mediante a concesión dunha serie de axudas económicas para que se establezan como empresarias e deste xeito acaden a súa propia promoción e contribúan á creación de postos de traballo.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 2 de febreiro de 2011.- Galicia rexistrou en xaneiro deste ano un total de 245.381 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 8.518 persoas con respecto ao mes anterior, isto é, a decembro do ano pasado. Este aumento supón, en termos relativos, un 3,59 por cento máis.

Así o explicou en rolda de prensa a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López. Na súa intervención, a responsable autonómica destacou que se trata de "cifras negativas", en tanto se rexistrou un aumento de parados.

No Estado, o desemprego aumentou en 130.930 persoas, un 3,19 por cento en termos relativos, de modo que se situou nas 4.231.003 persoas en paro.

Díaz López explicou que nos meses de xaneiro rexístrase, tradicionalmente, un aumento do paro, especialmente concentrado no sector servizos. Con todo, a pesar de que os datos deste ano son "malos", son "lixeramente mellores" que os rexistrados nos dous anos anteriores. Así, o ano pasado, en xaneiro de 2010, o aumento mensual foi de 8.789 persoas; e, en 2008, de 11.413 persoas; fronte aos 8.518 deste exercicio.

No que se refire á evolución interanual, o paro incrementouse en Galicia en 14.203 persoas, un 6,13 por cento máis. En España, no tocante a este período, o desemprego aumentou nun 4,51 por cento.

Seguindo na evolución interanual, Díaz López detallou que o incremento

de xaneiro de 2009 a xaneiro de 2010 foi de 30.312 persoas, polo que este ano o aumento reduciuse á metade (14.203 persoas). Este dato, segundo explicou a responsable autonómica, "vén a confirmar a contención de destrución do emprego", aínda que insistiu en que son cifras negativas.


Por provincias, o paro aumentou en todas elas. A maior subida rexistrouse na Coruña (2.868 parados), seguida por Pontevedra (2.594), Lugo (1.773), e Ourense (1.283).

No que se refire aos sectores, o desemprego incrementouse en todos eles, moi especialmente no sector dos servizos (6.661 persoas). Isto debeuse "fundamentalmente" ao remate das contratacións temporais que se realizan

neste sector durante o Nadal. O seguinte maior aumento, por sectores, foi na construción (1.094), seguido polo colectivo sen emprego anterior (378); pola industria (312) e pola agricultura e a pesca (73).




Na evolución dos contratos, rexístranse en Galicia en xaneiro un total de 52.307 contratos, 1.676 máis que no mes anterior. Deste total, 5.325 foron indefinidos (10,18 por cento) e 46.982 temporais (89,92%). Deste xeito, a comunidade autónoma sitúase por riba da media do Estado no que se refire á estabilidade laboral, xa que supera en a porcentaxe estatal dos contratos indefinidos, que se sitúa no 9,20 por cento.

Evolución do paro:



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Illes Balears	90.726	-0,62
A Ríoxa	22.661	1,14
Canarias	258.311	1,45
Melilla	10.078	1,66
Estremadura	122.179	1,9
Madrid	472.468	2,28
Valencia	513.800	2,49
Aragón	95.279	2,82
Andalucía	930.621	2,94
Murcia	133.127	3,25
Ceuta	9.364	3,52
Galicia	245.831	3,59
Castela-A Mancha	212.593	3,64
Cantabria	45.800	3,72
Cataluña	589.623	4,79
Castela e León	204.266	4,96
Navarra	45.150	4,97
País Vasco	143.118	5,26
Asturias	86.008	5,92
TOTAL	4.231.003	3,19

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Mato lamenta que o Goberno central perda a oportunidade de acometer “unha reforma en profundidade” das políticas activas de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Conferencia Sectorial Extraordinaria de Emprego e Asuntos Laborais
- ▶ A titular do departamento autonómico opónse a que se traspase ás comunidades autónomas a “xestión” dunha política pasiva, como é a nova axuda dos 350 euros
- ▶ O Ministerio aínda non precisou con que fondos adicionais poderán contar as comunidades autónomas para habilitar esta nova prestación.



Madrid, 24 de xaneiro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, lamentou que o Goberno central teña perdido a oportunidade de acometer unha “reforma real e profunda” das políticas activas de emprego. Ao mesmo tempo, criticou que a nova proposta do Estado traspase ás comunidades autónomas a responsabilidade de xestionar unha política pasiva, coa posta en marcha da nova axuda dos 350 euros vinculada a cursos de formación.

A titular do departamento autonómico realizou estas declaracións tras a súa participación na Conferencia Sectorial Extraordinaria de Emprego e Asuntos Laborais en Madrid, que foi presidida polo ministro de Trabajo e Inmigración, Valeriano Gómez.

Durante a xuntanza, Galicia rexeitou a proposta do Goberno central por varias razóns, segundo explicou Mato. A primeira

delas é que se trata dunha reforma que “chega tarde” e que non é “profunda nin estrutural”. “Este era o momento das grandes reformas e de falar en serio das políticas activas de emprego”, reflexionou a conselleira.

De feito, incidiu en que moitas das novidades que se presentan neste novo borrador xa se están desenvolvendo en Galicia, como son a aposta pola formación de calidade vinculada á certificación profesional; a mellora dos servizos públicos de emprego; ou o apoio aos empresarios dentro deste servizo, acordados acadados dentro do diálogo social cos axentes sociais.

A segunda razón que esgrimió Mato é que o Goberno central está a traspasar ás comunidades autónomas a responsabilidade de xestionar unha “política de subsidio”, como é a nova axuda dos 350 euros, cando as competencias das comunidades autónomas

inscríbense só nas políticas activas de emprego. “O Goberno tiña unha política de subsidio –o PRODI– que decidiu quitar cando as circunstancias son as mesmas, ou peores, que cando se puxo en marcha. O que non vai aceptar Galicia é que a eliminación deste subsidio recaia nas arcas da comunidade ou vaia en prexuízo dos desempregados galegos que poden e queren mellorar a súa empregabilidade”, insistiu.

A isto hai que sumarlle, segundo a conselleira, que ao fin de xuntanza, o Ministerio aínda non tiña comunicado ás comunidades autónomas con que fondos adicionais contarían as comunidades autónomas para esta nova prestación.

Ademais, a proposta presentada polo Estado tampouco recolle a petición de Galicia de dotar de maior flexibilidade as políticas activas de emprego –as comunidades autónomas non teñen capacidade de deseño, tan só de execución–, polo que os distintos territorios terán que continuar sen poder adaptar estas iniciativas “ás necesidades dos seus mercados laborais”.

“Nin coñecemos o texto articulado, nin se dá flexibilidade ás comunidades autónomas, nin nos presentaron cales son os fondos adicionais que en teoría van vir aos Gobernos autonómicos”, resumiu Mato.

Por outra banda, a conselleira incidiu tamén na falta de consenso en torno a este borrador posto que, segundo as votacións durante esta reunión extraordinaria, “quedou claro que as comunidades autónomas non aceptan este borrador”.

Finalmente, Mato lamentou tamén o contido da reunión, onde non se “falou de eficacia ou de mellorar as condicións dos parados”, senón que a xuntanza se centrou “en trasladar ás comunidades autónomas o que é competencia exclusiva do Estado: un subsidio”.

Formación-Emprego

A Xunta reorienta a formación para desempregados co obxectivo de axustala á demanda real e vinculándoa aos certificados de profesionalidade



Santiago, 14 de xaneiro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de reorientar a formación para desempregados co fin de ligala aos certificados de profesionalidade, con validez en todo o territorio nacional, e co obxectivo de axustala ás necesidades e demandas do mercado laboral. En definitiva, trátase de poñer en marcha unha formación de “alto nivel de calidade e excelencia”.

Así o anunciou en rolda de prensa a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que estivo acompañada pola directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López.

“É a primeira vez que o Goberno da Xunta aborda unha reorientación da formación, dentro das políticas activas de emprego. Isto só pode ser entendido desde a prioridade que este Goberno outorga ao emprego”, apuntou a titular do departamento autonómico. Sinalou, tamén, que parte do consenso, xa que foi realizada de acordo cos axentes presentes no proceso do diálogo social.

A formación para desempregados beneficiará desde finais de febreiro a unhas 23.000 persoas a través de 1.500 accións formativas que se prolongarán ata finais de ano. Para isto a Xunta destinará un investimento inicial superior aos 53 millóns de euros, unha contía que incrementa nun 5 por cento á investida no

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta reformulación, a primeira que realiza un Goberno da Xunta na formación inscrita nas políticas activas de emprego
- ▶ Un total de 23.000 persoas poderán beneficiarse destas actividades desde finais de febreiro, que contan cun investimento de máis de 53 millóns de euros, un cinco por cento máis que o ano anterior
- ▶ O obxectivo é mellorar a eficacia dos cursos para aumentar as competencias profesionais dos participantes de xeito que, ao mesmo tempo, isto se reflicta no currículo cun certificado oficial
- ▶ Os ámbitos preferentes dos cursos serán os sectores onde se detectaron máis posibilidades de inserción: hostalería e turismo, servizos de dependencia, sector agrario e enerxías renovables
- ▶ Galicia é unha das dúas comunidades autónomas que ten habilitado axudas económicas para as persoas con menos recursos que acceden a estes cursos de formación.

mesmo concepto durante o exercicio anterior.

Esta reorientación, que parte dun amplo estudo previo, pretende redundar “de forma palpable” na mellora da competitividade e empregabilidade dos traballadores galegos, aos que se lles outorgará unha “certificación recoñecible”, homologada tamén polo Ministerio de Trabajo.

O feito de vincular a formación aos certificados de profesionalidade suporá, na práctica, que se impartirán novos programas de formación “normalizados e con recoñecemento tanto no sistema educativo como no laboral, e asociados ás cualificacións recoñecidas tanto en España como no Marco Europeo das Cualificacións”.

Esta novidade, proseguíu Mato, implicará tamén

pedir novos requisitos, tanto ao profesorado como aos alumnos. No caso dos docentes, para garantir a mellor profesionalidade; e no caso do alumnado para esixirlles os títulos académicos, ou ben a acreditación das competencias claves, que garantan un bo aproveitamento do curso e unha homoxeneidade entre os alumnos.

As competencias clave son aquelas competencias básicas para poder aproveitar uns cursos (como lingua, matemáticas...). Estas poden acreditarse ben a través dun título como o da ESO, ou ben pasando por unhas probas que Galicia convocou por primeira vez en 2010, o que a converteu na primeira comunidade autónoma en facelo. Durante o ano pasado, participaron nestas probas máis de 1.700 persoas –a práctica totalidade obtivo

.../...

.../...

a acreditación dunha ou máis competencias clave-, mentres que na terceira convocatoria, inscribíronse máis de 2.000 persoas.

Avaliación continua

Por outra banda, a nova formación garante unha "avaliación continua, real e efectiva dos alumnos" a través de métodos de "fiabilidade e validez". "Isto favorece que os certificados teñan recoñecemento e prestixio no mercado laboral", avanzou Mato.

Ademais, establécese un plan de seguimento e control da calidade, tanto interna como externa, sobre as propias accións formativas. Tamén se promoverán as pasarelas entre os distintos subsistemas de formación, e entre estes e o mundo laboral. Deste xeito, por exemplo, as unidades de competencia acreditadas a través da formación para o emprego son convalidables con módulos e, no seu caso, títulos de FP, e viceversa.

A reorientación da formación ten tamén en conta os ámbitos preferentes para os que se realizarán os cursos de formación, baseados nos estudos do Instituto Galego de Cualificacións, que determina aqueles perfís con máis posibilidades de inserción. Así, os ámbitos preferentes son: hostalería e turismo, servizos de dependencia, sector agrario, e enerxías renovables.

O estudo tamén valora as particularidades concretas de cada zona, como pode ser no caso de comarcas que estean moi vinculadas a un determinado sector. "Non se trata de facer máis nin menos cursos, senón dunha planificación axeitada e axustada ás necesidades do mercado laboral", asegurou.

En definitiva, resumiu a conselleira, trátase de apostar "pola calidade, pola formación certificada e con avaliación oficial, e pola transparencia do mercado de traballo e o axuste de oferta e demanda". Todos estes valores xa están reflectidos na orde de formación para desempregados, que se publicou o pasado venres.

Todo isto permitirá "fortalecer os traballadores e traballadoras durante e despois desta crise" e axudalos a atopar unha nova oportunidade, ao contar con novas habilidades e recursos profesionais, ademais de poder reciclarse de cara a sectores "con máis posibilidades". De feito, este é o obxectivo principal das políticas activas de emprego: mellorar a empregabilidade dos participantes, aínda que non xeren emprego en si mesmas.

Ademais, esta formación será o máis axustada posible ás aptitudes e necesidades de cada desempregado. Isto é posible xa que, a día de hoxe e en cumprimento dos acordos do diálogo social, xa está "moi avanzada" a nova clasificación dos demandantes de emprego, que estará finalizada no próximo mes de abril.

Axudas

Por último, cabe salientar que Galicia é unha das dúas comunidades autónomas que ten posto en marcha axudas económicas destinadas ás persoas coas rendas máis baixas que realicen cursos de formación, sempre que estea acreditado que estas actuacións formativas melloran as súas posibilidades de inserción.

Así, desde o ano pasado, a Consellería de Traballo e Benestar habilitou axudas -cunha contía de ao redor de 400 euros- para aquelas persoas que teñan unha unidade familiar con ingresos inferiores ao 75 por cento do IPREM. Estas axudas están dirixidas a aquelas persoas que contan cun itinerario personalizado de inserción e que acudan a un curso que vaia aumentar, de xeito real e efectivo, a súa empregabilidade.

Máis de 6.000 parados beneficiaríanse das axudas á contratación dos plans de cooperación que ascenden este ano a 75 millóns

- O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, presentou as novidades das dúas ordes que se publican no Diario Oficial de Galicia e ás que Traballo destina 8,4 millóns de euros máis que en 2010
- O aumento no orzamento permitirá a contratación de arredor de 1.000 persoas máis que o ano pasado
- A convocatoria dirixida a entidades locais ten un orzamento de 50,1 millóns de euros, un 20 por cento máis que o exercicio anterior, o que permitirá contratar a unhas 5.000 persoas
- O investimento da orde destinada a órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro ascende a 24,8 millóns de euros, unha contía coa que se contratarán a 1.400 persoas.

Santiago, 17 de xaneiro de 2011.- A Xunta de Galicia favorecerá este ano a contratación de ao redor de 6.400 persoas a través dos plans de cooperación con entidades locais e outros organismos que, anualmente, pon en marcha a Consellería de Traballo e Benestar.

O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, explicou as principais novidades destas convocatorias desenvolvidas por entidades locais, órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. Así, Hermida apuntou que o departamento autonómico destinará en 2011 preto de 75 millóns de euros a estas axudas, un total de 8,4 millóns de euros máis que con respecto a 2010. Deste xeito, con este aumento orzamentario, o director xeral sinalou que os beneficiarios poderán ser arredor de 1.000 máis que no exercicio anterior.

Trátase de dúas ordes que o Diario Oficial de Galicia xa publicou (DOG nº 10, do 17.01.2011), polo que se prevé que as resolucións das subvencións estean feitas no primeiro semestre deste ano.

O obxectivo das dúas convocatorias é similar, o fomento da empregabilidade das persoas en paro, polo que estes programas permitirán a contratación de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, así como a contratación de axentes de emprego e/ou unidades de apoio. Deste xeito, os beneficiarios non só atoparán un posto de traballo, senón que contarán cunha experiencia e práctica profesional para facilitar a súa posterior inserción no mercado de traballo.

Todos os proxectos que se realicen deben ser de interese xeral e social e estar vinculados á prestación de servizos sociais, culturais e relacionados coa protección das persoas. A principal diferenza entre unha e outra orde radica nos seus beneficiarios.

Por unha banda, o DOG publicou hoxe os programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais dirixida fundamentalmente aos concellos, así como ás entidades públicas vinculadas á administración local, como deputacións, mancomunidades, consorcios ou institutos de desenvolvemento.

PUBLICACIÓNS XANEIRO 2011

As publicacións editadas pola consellería no mes de xaneiro son as seguintes:

- BITEB. Xaneiro 2011 – nº 59
- Galicia. Informe do paro rexistrado. Decembro 2010



NORMATIVA DOG

